


GARABATOS CÓSMICOS

Programa educativo da exposición **Alexander Calder**

(11 dec 2017 - 11 feb 2018)



VISITAS GUIADAS

Actividade gratuíta.

Sábado 27 de xaneiro ás 19:00h.

Sábado 3 de febreiro ás 19:00h.

Alexander Calder antes de ser recoñecido como artista foi un fabricante de xoguetes inmerso no mundo circense onde se atopou a gusto durante anos. Alí, entre funambulistas, equilibristas e trapevistas percibiu un Universo en constante movemento e equilibrio. Xa como artista as súas grandes achegas ao mundo da arte serán precisamente os "móviles" (así bautizados por Marcel Duchamp), cos que achega o movemento á escultura, e os "estables" (neste caso bautizados por Hans Arp) que parecen representar fantásticos animais ou insectos xigantes.

Na súa obra gráfica atopamos un universo de círculos, espirais e liñas serpenteantes, follas, estrelas e lúa, soles, estrelas de mar e tatuaxes tribais. Coma se falase unha linguaxe propia escrita en glifos universais, matemática e humanamente perfectos e sublimes.

O uso de cores primarias e o sometemento da representación da natureza á xeometría, que aprende de Mondrián, o sentido rítmico de Kandinsky, a abstracción volumétrica, orgánica e curvilínea de Arp e a idea de constelacións de signos e perspectiva cósmica de Miró, as tatuaxes tribais maorís e as pinturas rupestres esquemáticas... Os seus signos parecen pertencer a unha ancestral cultura tribal, coma se tratácese de arcanos que constituísen unha linguaxe universal que describise as leis esenciais do cosmos e do ser humano.

Recrearémonos no seu universo dinámico, colorista e sensorial.





ESPIRAIS ACCIDENTAIS

Educación Infantil. Máximo recomendado de 25 participantes.
Actividade gratuita. Reserva previa.

“O que eu fago é debuxar no espazo” Alexander Calder

Galaxias suspendidas en universos imaxinarios. Debuxos no espazo, espirais vivas, danzando ao ritmo das curvas, dos trazos de arames de cores flotando no aire.

Trátase de “compor movementos” en espiral, de retorcer e xogar a darlle forma ao ritmo da ledicia da vida e do universo nun debuxo espacial de cores.

O carácter lúdico da obra de Calder faise patente tanto nos seus famosos “móbiles” e esculturas de arame, como na súa obra gráfica.

Exploraremos aquí o carácter sensorial das formas no espazo mediante ritmos escultóricos que resultarán en formas que poderemos fotografar.



DEBUXOS EN EQUILIBRIO

Educación Primaria. Máximo recomendado de 25 participantes.
Actividade gratuíta. Reserva previa.

“O que eu fago é debuxar no espazo” Alexander Calder

Acróbatas do deseño das formas elementais,
equilibristas da arte do debuxo cósmico.

Funambulistas creativos debuxando no
espazo os ritmos do universo e as cores da
vida.

Trátase de “compor movementos” e buscar o
equilibrio das formas dinámicas no espazo.

Trátase de xogar co equilibrio rítmico das
forzas flexibles do arame, cas forzas
universais da física, ca combinación das cores
e das formas, para configurar signos que
sirvan para representar calquera cousa
imaxinable.

Formas que poderemos fotografar.

DEBUXOS GALÁCTICOS

Obradoiros infantís en fin de semana. De 6 a 12 anos.
(Admitiranse de 5 anos acompañados por 1 adulto).
Actividade gratuíta. Reserva previa.


Domingo 28 de xaneiro. De 12:00 a 13:30h.
Domingo 4 de febreiro. De 12:00 a 13:30h.

“O que eu fago é debuxar no espazo” Alexander Calder

Círculos, follas, pétalos, estrelas, lúas e espirais. Arames, cores e reviravoltas.

Lóstregos, remuíños e explosións.

Trátase de xogar co equilibrio rítmico das forzas flexibles do arame, cas forzas universais da física, ca combinación das cores e das formas, das luces e das sombras, para configurar un Big-Bang primordial de formas cósmicas de signos universais, que poderemos fotografar.





INFORMACIÓN E RESERVAS

Kiosco Alfonso

**Xardíns de Méndez Núñez,
15003 A Coruña**

Teléfono: 981 18 98 98

kioscoalfonso@coruna.es